




MERCADONA

Memoria Medio Ambiente 2015-2016





ÍNDICE

O modelo de xestión ambiental en Mercadona	2
1. Optimización loxística	4
Loxística e os novos modelos de venda	
Medidas de optimización	
Última milla	
Transporte intermodal	
2. Aforro enerxético	12
Eficiencia enerxética	
Gases refrixerantes	
Novo Modelo de Tenda Eficiente	
3. Xestión de residuos	20
Prevención	
Redistribución	
Xestión de residuos	
Reutilización	
Reciclaxe	
4. Cadea de subministración	28
Certificacións ambientais	
Boas prácticas dos fabricantes interprovedores	
5. Compromisos	36
Pesca sostible	
Colaboración con ISSF	
Benestar animal	
Colaboracións	
6. Datos relevantes 2015-2016	44

O MODELO DE XESTIÓN AMBIENTAL EN MERCADONA

Mercadona é unha compañía de supermercados de capital español e familiar presidida por Juan Roig. Desde a súa fundación, o seu obxectivo é satisfacer plenamente todas as necesidades de alimentación (comer e beber), limpeza do fogar e hixiene persoal dos seus clientes, así como as necesidades relacionadas co coidado e coa alimentación das súas mascotas, segundo se define no modelo de xestión da compañía, o Modelo de Calidade Total, baseado na satisfacción dos 5 compoñentes da empresa: o “Xefe” (o cliente), o Traballador, o Proveedor, a Sociedade e o Capital.

5,1

millóns de fogares compran en Mercadona

1.614

tendas

21.623

millóns de euros vendidos

79.000

traballadores

11.071

millóns de “quilitros” vendidos (unidades de venda)

Empresa familiar de capital

100% español

11

bloques loxísticos

126

fabricantes interprovedores

3

en proxecto/construción

+2.500

provedores

3

almacéns satélite



O modelo de xestión ambiental de Mercadona busca tamén este mesmo obxectivo, colabora co resto da cadea para mellorar o seu comportamento ambiental nas tres grandes áreas onde se dan os seus principais impactos: optimización loxística, eficiencia enerxética e xestión de residuos, para dar resposta aos novos desafíos ambientais e alcanzar os obxectivos de eficiencia e de sostibilidade que todos asumimos dentro da Unión Europea.

Este esforzo vai da man de cambios importantes tanto na concepción dos modelos de venda de produtos frescos de Mercadona como no novo modelo de

tenda, que foi redeseñada para ser máis eficiente e sostible, e que busca tamén contribuír ao obxectivo xeral da compañía de “facer máis con menos”, garantindo sempre a seguridade alimentaria, a calidade e a frescura dos produtos para o “Xefe” (nome co que Mercadona denomina internamente os seus clientes).

Nestes dous últimos anos, Mercadona investiu 52 millóns de euros en mellorar diferentes procesos, produtos e servizos que teñen incidencia no medio ambiente, o que se enmarca dentro do compromiso adquirido coa sociedade da que forma parte.



1.

OPTIMIZACIÓN LOXÍSTICA



Mercadona está inmersa nunha ambiciosa reformulación dos seus modelos de venda. A estratexia de “Frescos distinto de Secos” busca incrementar a presenza de produto fresco de calidade e de proximidade e, con iso, acurtar a cadea loxística e mellorar a frescura dos produtos que lle ofrece ao “Xefe”.

Todos estes movementos supoñen un esforzo para adaptar as estratexias xa implantadas, ao mesmo tempo que se incorporan avances tecnolóxicos que permiten seguir sendo eficientes.

66%
dos camións
son Euro 6

646
tendas
subministradas
con loxística
silenciosa en
horas val
en 2016

+6%
toneladas
transportadas por
barco en 2016

Novos
camións a gas
redución do
40% de
emisións de CO₂

Os novos modelos de venda implican novos desafíos loxísticos

Loxística e os novos modelos de venda

A implantación da estratexia “Frescos distinto de Secos” deu como resultado unha mellora significativa da calidade e da frescura dos produtos. Isto supuxo un incremento no número de provedores, que agora están máis preto dos bloques loxísticos. Deste xeito acúrtase a cadea de distribución e o cliente ten máis tempo para consumir os produtos coa máxima calidade e frescura.

Medidas de optimización

O modelo loxístico de Mercadona foise desenvolvendo baixo a premisa de “transportar máis con menos recursos”. Para iso, implantáronse unha serie de estratexias que a compañía aplica desde hai anos e que perseguen este fin. O Departamento de Loxística revisa e actualiza as devanditas estratexias en función das necesidades que van xurdindo, e vai incorporando os avances tecnolóxicos que se producen no sector para alcanzar os obxectivos marcados.

Estratexia do Oito

As rutas que realiza cada camiión son coidadosamente planificadas para aproveitar cada traxecto, procúrase que ningún vehículo viaxe baleiro. Un exemplo deste aproveitamento é o uso da loxística inversa para facer as devolucións aos almacéns, ben sexa de materiais de envase para reciclar, ben sexa de caixas reutilizables, *palets*, etc.



Carga de camiións

A eficiencia dunha frota de transporte está directamente relacionada coa súa capacidade para transportar o máximo número posible de unidades en cada traxecto. Isto conséguese mediante un bo ecodeseño do produto no que se teña en conta a loxística e a almacenaxe, e tamén procurando que os camiións leven carga en todos os traxectos e vaian ao máximo da súa capacidade, evitando transportar aire.


Os fabricantes interprovedores e provedores especialistas de Mercadona traballan activamente para mellorar a súa eficiencia, e buscan aplicar medidas de ecodeseño sempre que sexa posible. Deste xeito conséguese, ademais de aforros no transporte, mellorar a almacenaxe na casa do “Xefe”, evitar residuos de envases e embalaxes durante todo o proceso e reducir as emisións contaminantes.

Manter a frota activa o maior tempo posible e levar os camiións sempre cheos é a clave para unha loxística eficiente e de baixo impacto ambiental



Un bo exemplo de ecodeseño é o novo formato de 24 unidades do interprovedor Huevos Guillén. Este sistema mellora o almacenamento, incrementa as unidades por *pallet* e evita 1.500 traxectos de camiión por ano.

Taxa media
de carga
dos camiións
81%




Expedición e transporte de produtos en Mercadona

Renovación da frota

Na actualidade a maioría do transporte séguese realizando por estrada, polo que cada vez é máis importante tanto unha boa xestión da frota como dispoñer de motores máis eficientes e menos contaminantes.

A frota de camións, propiedade do interprovedor Acotral, que traballa para Mercadona, está composta na súa práctica totalidade por motores Euro 5 e Euro 6, que cumpren cos estándares europeos máis esixentes en materia de emisións. Isto obedece á política de renovar a frota conforme van mellorando as tecnoloxías.




Camións no bloque loxístico de Abrera, Barcelona

Compras sobre peirao

No proceso loxístico máis habitual, o provedor transporta os produtos ás instalacións do distribuidor e regresa baleiro:

Proceso habitual




Mercadona cambiou este proceso mediante a estratexia denominada “Compras sobre peirao”: o camión da frota é o que acode ás instalacións do provedor para recoller os produtos e levalos aos seus centros loxísticos, aproveitando, ademais, a loxística inversa para levar envases reutilizables.


Nos últimos anos a compañía está apostando polo produto fresco de proximidade, o que supuxo un incremento de provedores locais e, ao mesmo tempo, realizar máis traxectos, aínda que máis curtos.

Por este motivo aumentaron os quilómetros percorridos por estrada, ao asumir a frota da compañía os traxectos que antes realizaba o provedor, logrando con iso unha maior eficiencia.

Proceso en Mercadona



Por outra parte, e grazas á integración doutras estratexias como a loxística inversa ou a carga de camiós, este sistema mellora a eficiencia do transporte tanto do provedor como de Mercadona, ao reducir o número total de viaxes baleiras e ao asegurar o uso maioritario de camiós Euro 5 e Euro 6.



Incorporar máis provedores á cadea de subministración supón un maior número de quilómetros realizados

A loxística silenciosa en horas val mellora a mobilidade urbana

Última milla

Unha etapa clave do transporte de mercadorías é a “última milla”: o tramo final que percorren os produtos no ámbito urbano ata chegar ao punto de venda, e que fai necesaria a entrada de camións nas cidades.

Mercadona practica desde hai anos a denominada “loxística silenciosa en horas val”, que achega indubidables beneficios á mobilidade urbana. Consiste en aproveitar as horas de menor tráfico para efectuar a descarga usando os camións máis grandes permitidos e acondicionados para realizar a descarga do xeito máis silencioso posible. Desta maneira redúcese tanto a conxestión do tráfico como a contaminación acústica e as emisións totais nos núcleos urbanos, ademais de mellorar a eficiencia do transporte, os tempos de descarga, a ocupación da vía pública e as molestias aos veciños.

	2015	2016
Provincias	42	45
Tendas	572	646

Loxística silenciosa en horas val en Mercadona

Camión a gas


Mercadona, xunto co seu interprovedor Acotral, está realizando unha proba piloto con camións propulsados a gas natural licuado para a distribución urbana. Estes motores emiten un 40% menos de CO₂ por litro de combustible, reducen 10 veces a emisión de partículas e emiten un 80% menos de óxidos de nitróxeno en comparación co estándar Euro 5.



Camión propulsado a gas natural licuado (LNG no detalle) que dá servizo a varias tendas en Madrid

Transporte intermodal

Aínda que o transporte por estrada continúa sendo maioritario, Mercadona diversifica os medios de transporte de mercadorías alí onde é tecnicamente posible e existen as infraestruturas que o fan produtivo. Nos dous últimos anos, o uso do tren e do barco permitiu realizar 96.000 traxectos menos por estrada.



Transporte de mercadorías por tren do interprovedor Acotral

2.

AFORRO ENERXÉTICO



Mercadona aplica diversas medidas para reducir o seu consumo enerxético. Estes esforzos permitenlle á compañía adaptarse ás estratexias de loita contra o cambio climático, tanto europeas como nacionais.

Ademais, moitas das decisións que teñen que ver co aforro enerxético xorden do convencemento de que é necesario conseguir un modelo produtivo cada vez máis eficiente, capaz de dar resposta aos retos que debemos afrontar como parte da sociedade.

40%
de aforro
enerxético
estimado co
Novo Modelo
de Tenda

22%
das **tendas**
con control
telemático de
sinais

100%
do programa
oficial de
**auditorías
enerxéticas
completado**

700
toneladas de CO₂
evitadas por tenda
e ano co novo
**sistema de
refrixeración**

A refrixeración
con CO₂ evita
a emisión de
700 toneladas
de CO_{2eq} por
tenda e ano

Mercadona
completou o
seu programa
de auditorías
enerxéticas
en 2016

Eficiencia enerxética

No ano 2007 Mercadona estableceu o seu modelo de tenda ecoeficiente. Este modelo incorporaba máis de 20 medidas que reducían o consumo enerxético nun 20% respecto a unha tenda convencional. En anos sucesivos fóronse incorporando múltiples melloras de eficiencia enerxética.

En 2016 logrouse un salto cualitativo redeseñando completamente o modelo de tenda, non só na súa imaxe e calidez senón tamén nas medidas de eficiencia enerxética incorporadas, que achegan un aforro de ata un 20% adicional respecto ao modelo anterior. Isto supón un 40% de redución estimada do consumo enerxético respecto á tenda convencional inicial.

Programa de auditorías enerxéticas

A Unión Europea está inmersa nun ambicioso proxecto para xirar cara a unha economía baixa en carbono e en residuos. A Directiva 2017/27/UE relativa á eficiencia enerxética dos edificios foi trasposta á lexislación española polo RD 56/2016. Esta lexislación require que as empresas efectúen auditorías enerxéticas das súas instalacións para calcularen o potencial de mellora e identificaren as medidas precisas para conseguilo. Tras levar a cabo as devanditas auditorías, Mercadona adquiriu información útil e necesaria para continuar traballando na mellora dos seus procesos e do seu comportamento enerxético.




Sección de conxelados do supermercado de Peligros, Granada

Da tenda ecoeficiente ao Novo Modelo de Tenda Eficiente


A eficiencia enerxética é un factor cada vez máis importante para calquera compañía. O aumento das temperaturas medias e os eventos climáticos extremos fan necesaria a adaptación dos edificios e das instalacións para garantir a cadea de frío dos alimentos e a comodidade interior da tenda ao menor custo enerxético posible.

As medidas incorporadas á tenda ecoeficiente contribuíron a que o consumo medio por tenda se mantese estable, pero no contexto actual é necesario considerar medidas máis ambiciosas. Ademais, as altas temperaturas de 2015 e 2016, xunto coa posta en marcha dunha parte do bloque loxístico de Abrera, con Sant Sadurní aínda en funcionamento, deron como resultado un aumento do consumo total. Isto impulsounos a traballar no Novo Modelo de Tenda que, entre outras moitas medidas, persegue reducir o consumo enerxético por metro cúbico de mercadoría transportada.



O consumo de enerxía por tenda mantívose estable desde 2012, pero é necesario mellorar neste aspecto. Para iso, en 2015, Mercadona comezou a traballar no Novo Modelo de Tenda, que viu a luz a finais de 2016.

— Número de tendas — Consumo eléctrico medio por tenda e ano (MWh)



Consumo eléctrico: kWh/m³ mercadería

O aumento do consumo eléctrico en 2015 impulsou as medidas de eficiencia do Novo Modelo de Tenda

Gases refrixerantes

Mercadona está substituíndo os gases refrixerantes por outros con menor potencial de quecemento atmosférico sempre que é tecnicamente posible. Esta medida diminúe as emisións á atmosfera e mellora o desempeño enerxético das instalacións.


O Novo Modelo de Tenda conta cun sistema de CO₂ subcrítico (R134a+CO₂), actualmente a solución máis axeitada e viable para as diferentes zonas climáticas do noso país. Este sistema, que tamén se instala nalgunhas das tendas reformadas, permite evitar a emisión de 700 toneladas de CO₂ equivalente por tenda e ano.

		Número de tendas			
		2013	2014	2015	2016
Sistema de refrixeración	R404A	1.463	959	457	442
	R134a+R404A	4	70	72	72
	R134a+CO ₂	0	3	60	127
	R407A+R404A	0	489	958	973
Total Tendas		1.467	1.521	1.547	1.614

Conxuntamente co programa de control de fugas instituído en 2011, a substitución de gases permitiu unha diminución do 40% das fugas de gases de efecto invernadoiro desde 2013.

Novo Modelo de Tenda Eficiente

O Novo Modelo de Tenda foi deseñado para ofrecer un espazo máis amplo e comfortable, e cunha mellor disposición da oferta para os clientes. Ademais mellora a ergonomía e a comodidade para o traballador e incorpora novas medidas de eficiencia enerxética que reducen o seu impacto ambiental.



Mobles de conxelados pechados

O deseño de mobles de conxelados con portas xunto con outras medidas xa existentes, como sistemas de condensación flotante, diminúen as perdas de frío e aforran enerxía. A condensación flotante incorporouse tamén a mobles de refrixerados, isto mellora a eficiencia de todo o sistema.



Algunhas das medidas incorporadas

Mellora da envolvente do edificio

Iluminación LED

Illas e armarios de conxelados con tapas e portas

Arrefriamento con aire do exterior para consumir menos enerxía


Ventiladores electrónicos en máquinas de climatización

Parcialización de compresores en máquinas de aire acondicionado

Condensación flotante na instalación frigorífica positiva con tenda aberta

40%
de **ahorro**
estimado respecto
a unha tenda
convencional

Control de sinais: sistema de medición continua de consumos e de fugas de gases refrixerantes, con detección precoz. Permite unha redución do 25% en fugas de gases de efecto invernadoiro. A finais de 2016 estaba instalado en 347 tendas (22% do total da cadea) e o obxectivo é completar a implantación en 2019.



Iluminación por LEDs

A tenda está iluminada integramente con tecnoloxía LED que diminúe o consumo eléctrico e permite unha xestión intelixente da enerxía.

Xestión enerxética por zonas

Un sistema de control centralizado permite axustar os consumos enerxéticos en base ás necesidades, modulando a iluminación e a climatización en función da hora do día ou das tarefas que ten que realizar o persoal.



Mellora do illamento

Mellorouse o illamento térmico e acústico da envolvente, para adaptarse á zona climática na que se encontra a tenda. Esta medida permite unha mellor climatización e diminúe o consumo enerxético.

Muros e cubertas verdes

Nalgunhas tendas construíronse muros e cubertas verdes que non só melloran a integración da tenda no seu ámbito, senón que axudan ao illamento térmico e acústico do edificio.

Estas estruturas tamén actúan como barreira visual e estanse afianzando nas cidades como un xeito de aumentar a cantidade de zonas verdes en medios urbanizados.



Fundación Capacis

O mantemento destas instalacións lévase a cabo grazas á colaboración de Mercadona coa Fundación Capacis, unha asociación con fins sociais que dá emprego a persoas con discapacidade intelectual.



Xardín vertical do supermercado da rúa Asura, Madrid





Xardín da cuberta do supermercado do Paseo General Martínez Campos en Madrid, situado nun patio dun bloque de edificios.



Trencadís da sección de carne e chacinería do supermercado de Peligros, Granada

Murais *trencadís*

A compañía tamén colabora con diferentes fundacións e centros ocupacionais que dan emprego a máis de 200 persoas con discapacidade intelectual para elaboraren os máis de 3.480 murais de *trencadís* que se poden ver en todas as tendas da cadea.

3. GESTIÓN DE RESIDUOS



A xestión de residuos está gañando un protagonismo crecente conforme se empezan a desenvolver e implantar novas técnicas para converter residuos en recursos. Unha estratexia eficiente da xestión de residuos debe estar baseada na prevención, pero ademais hai que encontrar maneiras de reincorporar os residuos á economía produtiva, como materia prima noutros procesos.

Para unha cadea de supermercados como Mercadona é moi importante conseguir o máximo aproveitamento

dos alimentos. Por iso leva a cabo numerosas estratexias para evitar o desperdicio alimentario, que se engaden aos proxectos de simbiose empresarial dos seus provedores e interprovedores para que os subprodutos dun proceso poidan ser aproveitados por outros.

Aínda que a maior parte dos seus produtos se transportan en envases reutilizables, grazas á loxística inversa, Mercadona envía, para a súa valorización, o 100% do material de envases comerciais dun só uso que emprega.




10.000
toneladas de
alimentos
redistribuídas
en 2015 e 2016

2.500
toneladas de
envases
reducidas grazas
ás medidas dos
interprovedores

100.000
toneladas de
cartón aforradas
grazas ao uso
de envases
reutilizables

Bolsas dun só uso por ticket de compra



Prevenición

A principal e máis importante estratexia para conseguir unha economía eficiente no uso dos recursos é a redución de residuos xerados. Como distribuidor de alimentación, Mercadona ten implantadas numerosas medidas para conseguir que todos os alimentos ao longo da cadea poidan ser aproveitados e, cando isto non é posible, dispón de programas de redistribución de alimentos para facerllos chegar a quen máis os precisa.



En 2010
facíase uso de
3,05
bolsas/ticket
de compra



Aproveitamento de laranxas de pequeno calibre para zume acabado de espremer nas tendas



Dentro destas estratexias, Mercadona busca maneiras de que os subprodutos dun interprovedor poidan ser usados como materia prima por outro.

A introdución do servizo de zume de laranxa acabado de espremer supuxo o aproveitamento e a compra aos agricultores de 2.500 toneladas de laranxa en 2016 que, polo seu aspecto ou tamaño, tiña difícil saída no mercado.

Ademais, as pezas de brócoli que o interprovedor agrícola descarta por diferiren en tamaño ou peso do estándar para seren vendidas en peza, son aproveitadas por Verdifresh como Floretas de Brócoli para as súas bolsas de vexetais, dando saída deste xeito a un produto de máxima calidade.

Froitas, vexetais e hortalizas poden venderse en diferentes formatos nas tendas de Mercadona, isto permite aproveitar produtos de primeira calidade

Mercadona
redistribuíu
10.000
toneladas de
alimentos en
2015-16

Redistribución

Os alimentos que xa non son aptos para a venda, pero que están en óptimas condicións para o seu consumo (tales como paquetes con unidades rotas), son doados pola compañía grazas a colaboracións establecidas con comedores sociais de proximidade.

Este proceso permite aproveitar alimentos frescos a base de empregar cadeas de distribución moi curtas e de dar servizo diario aos comedores, asegurando o máximo aproveitamento dos alimentos.



Repartinador de Mercadona levando alimentos ao centro de servizos sociais Sant Joan de Deu, Valencia

As doazóns
a comedores
sociais baséanse
na proximidade
e na entrega
diaria para
que o produto
fresco poida
ser aproveitado
ao máximo

Actualmente Mercadona traballa con 120 comedores sociais espallados por toda España. Un programa informático permite asegurar a trazabilidade e a seguridade alimentaria ao longo de todo o proceso.



Para máis información, consulte o vídeo da colaboración de Mercadona co comedor social da Asociación socioeducativa "Joventut i Vida" do barrio de Bonavista (Tarragona).

Xestión de residuos


Á parte das accións xa descritas, os residuos xerados por Mercadona en xeral, tanto perigosos como non perigosos, son enviados a xestores autorizados para o seu tratamento e a súa valorización. Nos bloques loxísticos, que é onde se produce a maior cantidade de residuos perigosos, estes almacénanse nun Punto Limpo *ad hoc*: unha zona teitada e pechada, con sinalización e equipos de protección individual, e con todas as medidas de seguridade necesarias para que non haxa riscos por derramamentos nin filtracións ao medio natural.



Punto Limpo do bloque loxístico de Abrera, Barcelona


Mercadona aplica diversas estratexias para asegurar a minimización dos residuos producidos, tanto nas tendas como nos almacéns. Conscientes da importancia de reducir todo o posible os residuos que hai que xestionar, búscanse constantemente maneiras de evitalos e reaproveitalos, para que todo residuo que non poida ir por estas vías sexa entregado a xestores autorizados.

Os programas de redución de residuos e o mantemento preventivo das instalacións son medidas que contribúen a optimizar o funcionamento de tendas e almacéns, ao tempo que reducen a cantidade de residuos que van para o vertedoiro.



% Residuo/kg servido

A xeración de residuos mantense por debaixo do 1% sobre produto servido




Residuos de mantemento: g/m³

Os interprovedores de Mercadona reduciron 2.500 toneladas de material de envase en 2015 e 2016

Reutilización

O *pool* de envases reutilizables do interprovedor Logifruit que Mercadona emprega para transportar e almacenar produtos consegue importantes aforros. Cada caixa, cunha vida media útil de 5 anos, realiza todo o proceso loxístico unhas 13 veces ao ano. Isto supón un importante aforro de materiais e recursos comparado coa utilización de caixas de cartón dun só uso. Grazas aos envases reutilizables é posible evitar máis de 100.000 toneladas de cartón ao ano, ao tempo que se mellora todo o proceso.

Os interprovedores de Mercadona tamén desenvolven as súas propias estratexias neste sentido. Nos dous últimos anos implantáronse máis de 300 medidas cun aforro total de 2.500 toneladas de material de envase, segundo datos do Plan Empresarial de Prevención de Ecoembes.



O uso de caixas encartables Logifruit aforra un 80% de espazo na loxística inversa



O uso de caixas Logifruit nos procesos de Mercadona aforra enerxía e evita os residuos

Reciclaxe

Aínda que é necesario darlle prioridade á redución e á reutilización, a reciclaxe é parte integral dos procesos dun supermercado. Todo o material de envases comerciais das tendas devólvese mediante a loxística inversa aos bloques loxísticos, onde se compacta e se envía a xestores autorizados para o seu tratamento e a súa valorización.




Camión a gas realizando loxística inversa nunha tenda de San Sebastián de los Reyes, Madrid

Grazas á loxística inversa redúcese o número de viaxes baleiras e aprovéitanse as instalacións dos bloques loxísticos para compactar os materiais e entregalos a xestores autorizados. Deste xeito conséguese optimizar o proceso e devolver materiais valiosos ao ciclo produtivo, abaratando custos e diminuindo o impacto ambiental.

Taxa de reciclaxe


	2015	2016
Reciclaxe/Valorización	73%	74%
Destrución	27%	26%

Mercadona envía, para valorizar ou reciclar, case as tres cuartas partes de todos os residuos que xera. Continuamos traballando cada ano para mellorar esta cifra.




Reciclaxe: kg/m³


Cartón




Plástico



Polistireno



Madeira



4. CADEA DE SUBMINISTRACIÓN



O labor de Mercadona como distribuidor necesita a colaboración estreita cos seus fabricantes interprovedores e provedores especialistas. Grazas á comunicación entre todos os elos da cadea de subministración pódense encontrar maneiras de mellorar a eficiencia, diminuír o consumo de recursos e aproveitar os residuos xerados.

Exemplo disto son as múltiples iniciativas de mellora e boas prácticas que os provedores e interprovedores de Mercadona poñen constantemente en funcionamento. Destacamos algúns exemplos como mostra do traballo constante e do compromiso coa sostibilidade de todos eles.




90%
dos
interprovedores
de Mercadona con
certificación
ambiental

Máis de
400
medidas
específicas
de **ahorro** de
auga e enerxía

Eliminación de
microesferas de
plástico en todos
os produtos
cosméticos de
Mercadona

Máis de
900
medidas con
relevancia
ambiental de
interprovedores



Certificación ISO 14001 ou EMAS das instalacións dos interprovedores

- Instalacións certificadas
- Instalacións en proceso de certificación

Certificacións ambientais

O modelo de Mercadona require que as instalacións dos seus interprovedores contén con certificacións ambientais internacionalmente recoñecidas (ISO 14001, EMAS...) para acreditar as súas boas prácticas neste campo.


Actualmente o 90% das instalacións dos interprovedores de Mercadona posúen algún tipo de certificación ambiental. O resto son instalacións en proceso de certificación, correspondentes a novas fábricas ou localizacións.

Boas prácticas dos fabricantes interprovedores

Todos os interprovedores da compañía traballan constantemente para ofrecerlle ao “Xefe” a súa Compra Total coa maior calidade ao mínimo custo mensual. Isto esixe que busquen sempre a maior eficiencia posible nos procesos. Todos eles incorporaron numerosas medidas de aforro para conseguir utilizar menos recursos materiais, auga ou enerxía, ou para reducir, e nalgúns casos mesmo eliminar, os residuos do proceso.

Dentro de todas estas medidas percíbese unha tendencia cada vez máis estendida cara a unha xestión eficiente dos residuos, ben sexa aproveitándoos nun proceso propio (coxeración, fertilizante...) ben sexa para entregarlle os residuos a outro interprovedor que os aproveite no seu proceso produtivo, pechando deste xeito o ciclo da Economía Circular.

Froito deste esforzo son as máis de 900 medidas levadas a cabo por todos eles en 2015 e 2016. Subliñamos polo seu interese algunhas delas, que poñen de manifesto a busca constante da mellor solución para conseguir a maior calidade dos produtos que lles ofrecen aos “Xefes” de Mercadona.



As medidas dos interprovedores están encamiñadas maioritariamente ao aforro de enerxía e á redución de residuos.



Relación de interproveedores de Mercadona, claramente identificados nos envases dos produtos que fabrican (Datos ata o 31/12/2016)



Huevos Guillén

Este interprovedor incorporou na súa granxa de Bullas (Murcia) un novo sistema de secado da galiñaza que permite reducir en máis dun 80% a cantidade de amoníaco no estercos. Este sistema é capaz de procesar máis de 70.000 toneladas de residuo ao ano e prevén un foco importante de contaminación ambiental.




Grupo Ubesol-Maverick

A fábrica de sopro de botellas do grupo, interprovedor de produtos de hixiene persoal, aumentou o número de referencias fabricadas, o que supuxo un aforro de 55 toneladas anuais de plástico e 50 camiós menos en tránsito. Mellorouse tamén a loxística dun número importante de produtos, o que permitiu un mellor almacenamento e aforrou 70 traxectos por estrada anualmente.

SPB

SPB elabora lixivias e produtos de limpeza do fogar para Mercadona e incorporou melloras na súa fábrica de sopro de envases que lle permiten aforrar 500.000 kWh ao ano grazas a unha mellor xestión dos consumos, ademais de ser capaz de reaproveitar os recortes e triturados das botellas da fábrica de sopro; recupera así 120 toneladas de plástico ao ano. Tamén incorporou medidas de ecodeseño nos seus envases, mudando o material dalgúns referencias de polistireno a PET, que presenta mellor reciclabilidade e, ademais, aforra 100 toneladas de material de envase ao ano.



Persán

Persán, interprovedor de produtos de lavado, coidado da roupa e coidado da louza, conseguiu vertedura cero para todos os seus residuos, que son valorizados ao 100% material e enerxeticamente. Ademais, un mellor aproveitamento do espazo nos *palets* permitiu o aforro de 1.500 traxectos de camión ao ano.



SAT Canarisol

Interprovedor que prové de vexetais e hortalizas a Mercadona en Canarias. SAT Canarisol implantou novas medidas de aforro e eficiencia enerxética, reduciu o seu consumo de auga e de enerxía nas fincas que cultiva. Ademais, puxo en funcionamento un sistema de aproveitamento de residuos nas súas novas instalacións e conseguiu, deste xeito, entregar 1.200 toneladas ao ano de residuos para a alimentación animal.



Importaco-Casa Pons

Importaco-Casa Pons, interprovedor de froitos secos e petiscos, puxo en funcionamento medidas de ecodeseño para mellorar a loxística das caixas de cacahuete con casca. Esta acción permitiulle aumentar as unidades de produto por caixa, conseguiu así diminuír o número de traxectos en camión necesarios para transportar a mesma cantidade de produto e aforrar, ademais, 140.000 caixas de cartón ao ano, o que supón practicamente 50.000 quilos deste material.





Grupo Siro

Interprovedor de galletas, pan de molde, pasta alimenticia, pastelería e cereais, conta cunha planta de valorización que lle permitiu recuperar 82.000 toneladas de subproduto de diferentes procesos, tanto propios como doutros interprovedores, e convertelos en materia prima para a alimentación animal. Ademais, dentro dunha estratexia global de redución e aproveitamento de residuos, emprega os lodos de depuradora como fertilizante despois de compostalos. Ademais, en 2016 reduciu as súas emisións un 52% respecto a 2015.

Anitín

Este interprovedor de pans especiais envía parte do subproduto orgánico que xera a Cunicarn, tamén interprovedor de Mercadona. Desde que comezou a colaboración entre ambos os dous, Anitín enviou máis de 5.000 toneladas de subproduto a Cunicarn para o seu aproveitamento como penso para coellos.



Arrocerías Pons

Un dos subprodutos do proceso de elaboración do arroz, o arroz partido, é empregado por outro interprovedor (Bynsa Mascotas) para a elaboración de pensos para mascotas. Grazas a iso, reintrodúcense nos procesos de Mercadona 3.100 toneladas de arroz partido ao ano, o que mellora a eficiencia de ambos os dous interprovedores e optimiza custos e procesos.



Apisol

Apisol, produtor de mel, envía a unha planta de dixestión anaerobia o hidromel que doutro xeito se xestionaría como residuo. Actualmente utilízanse 1.700 toneladas ao ano para xerar gas e electricidade nesta planta.



JR Sabater

JR Sabater elabora vinagres, xaropes e adubos para Mercadona e introduciu significativas melloras loxísticas nos seus procesos: por un lado, mellorou o almacenamento das botellas de 1 litro e das caixas de cartón en botellas de 250 ml, cun aforro de 2.800 *palets* ao ano de produto e, por outro lado, cambiou tamén o formato pasando de caixas con 12 unidades a caixas con 24, aforrando case 10 toneladas de cartón ao ano.



Castletownbere

O interprovedor de pesca Castletownbere Fisherman's Co-op está realizando unha proba piloto para os *anisakis*. Grazas a un reactor que aplica un tratamento térmico por campos magnéticos e microondas, eleva a temperatura das vísceras do peixe de xeito rápido e uniforme ata inactivar os parasitos existentes. Deste xeito, cando as vísceras sexan ingeridas por outros peixes, ao non conteren *anisakis* vivos, evítase a reinfestación do medio. Este sistema pioneiro, que requiriu un investimento de 23.000 €, foi instalado en probas a bordo do buque "Tea Rose" e estará totalmente operativo en 2017.



SP-Berner

O interprovedor SP-Berner continúa mellorando os seus procesos e avances en Economía Circular para ofrecer unha liña de produtos de limpeza do fogar realizada a partir de subprodutos doutros interprovedores de Mercadona, algúns deles tan complexos de reciclar como as mantas agrícolas térmicas.

ELIMINACIÓN DE PLÁSTICOS



Aínda que en moitos dos produtos de marca propia se reduciu o material de envase, destacan, pola súa relevancia, dúas iniciativas:

O interprovedor Ubesol-Maverick substituíu o material das toallíñas WC por papel hixiénico húmido, novo material composto integramente por celulosa que se desfai do mesmo xeito que o papel hixiénico normal; isto evita que o produto ocasione atoaamentos nos sistemas de saneamento.

Ademais, o interprovedor RNB reformulou toda a súa liña Deliplus de produtos exfoliantes para substituír as microesferas de plástico por substancias naturais (pebidas de uva, sal mariño, sílice, etc.)



5. COMPROMISOS



A Política de Compra de Produtos de Pesca de Mercadona aposta por garantir a sostibilidade dos produtos pesqueiros que pon á venda. Na actualidade xa foi subscribita por todos os provedores e interprovedores de peixe e continúa afianzándose mellorando ano tras ano. Do mesmo xeito, tanto a compañía como os seus interprovedores manteñen un compromiso decidido co benestar animal tal e como reflicte na súa Política de Benestar Animal, aprobada en 2016.

Do mesmo xeito, Mercadona continúa colaborando e participando activamente en diferentes foros nacionais e internacionais relacionados coa sostibilidade, onde traballa para comunicar os seus esforzos neste campo e para contribuír á construción dunha cadea de subministración cada vez máis sostible.

100%
de provedores
subscriben a
política de
pesca

Publicación da
**política de
benestar
animal**

Compromiso:
Reconversión
de granxas
de **galiñas
poñedoras**
en gaiolas
a sistemas
alternativos
en 2025


PREMIO
 “Negocio de Peixe Sostible” a Castletownbere



O interprovedor Castletownbere Fishermen's Co-op recibiu os Green Awards ao “Negocio Sostible do Ano” e ao “Negocio de Peixe Sostible” polas súas boas prácticas de sostibilidade no sector pesqueiro.

Pesca sostible

Todos os interprovedores e provedores de pesca comprometéronse xa a cumprir coa Política de Compra de Produtos da Pesca de Mercadona.



Política de Compra de Produtos da Pesca



A Política de Compra de Produtos da Pesca de Mercadona está publicada na web corporativa da compañía.

- Non posuír produtos procedentes da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.
- Garantir a trazabilidade desde o punto de captura ata a súa venda.
- Etiquetar os produtos cumprindo a lexislación vixente, achegando unha información clara, veraz e accesible para o consumidor.
- Garantir o cumprimento legal e as medidas de ordenación en vigor respecto aos tamaños mínimos, paros biolóxicos e vedas, entre outras.
- Apoiar a mellora continua e as melloras técnicas dispoñibles en canto a métodos e artes de pesca.
- Apoiar a incorporación de novos produtos que cumpran os criterios de sostibilidade.
- Eliminar da variedade especies ameazadas ou en perigo de extinción, ou procedentes de ecosistemas seriamente ameazados.
- Fomentar os produtos de acuicultura sostible a través de estándares de boas prácticas recoñecidos internacionalmente.
- Apoiar a pesca local.
- Respectar condicións de traballo dignas.

Todas as decisións serán tomadas baseándose na información científica dispoñible procedente de organismos e institucións de recoñecida solvencia.

Colaboración con ISSF

O 100% do atún en lata Hacendado procede de caladoiros xestionados de xeito responsable, grazas ao traballo constante e á colaboración do interprovedor Ecuris (Jealsa-Rianxeira) con ISSF (International Seafood Sustainability Foundation), entidade sen ánimo de lucro dedicada a fomentar a sostibilidade das pesqueiras de atún.

Ecuris (Jealsa-Rianxeira) é auditada anualmente para verificar o seu compromiso con todas as prácticas de conservación que promove ISSF, incluída a trazabilidade total do produto e a formación dos capitáns dos barcos en boas prácticas de sostibilidade.

Como parte desta colaboración, Mercadona tamén se adheriu, xunto con outras 83 organizacións de todo o mundo (incluíndo ONGs, frotas pesqueiras e distribuidores), á carta que ISSF enviou ás autoridades competentes solicitando accións para mellorar a sostibilidade da pesca do atún.



83 organizacións de todo o mundo, incluída Mercadona, solicitanlles ás autoridades accións prioritarias a prol da sostibilidade pesqueira.



Benestar animal

Para Mercadona, así como para os seus provedores e interprovedores, o benestar animal é un principio irrenunciable en todas as súas vertentes e así o veñen demostrando ao longo dos anos, adecuándose e adiantándose aos diferentes requisitos e ás melloras que se foron esixindo no sector.

A Política de Benestar Animal de Mercadona reflicte estes compromisos e, en colaboración cos seus provedores e interprovedores, adoptará as medidas necesarias para cumprir os obxectivos que nela se detallan:

Política de Benestar Animal de Mercadona

O benestar animal é un requisito irrenunciable para Mercadona e os seus provedores

- *O benestar dos animais é unha demanda ética e social irrenunciable, un requisito necesario para garantir a calidade dos produtos que Mercadona lles ofrece aos seus Xefes.*
- *Mercadona está comprometida na protección e no benestar dos animais nas explotacións gandeiras.*
- *Por iso cómpre que nas explotacións gandeiras e no resto de procesos, ademais de cumprir a lexislación vixente na materia, se apliquen normas de benestar animal durante toda a vida do animal, e para iso a compañía traballa estreitamente cos seus provedores para:*
 1. *Asegurar que os animais que proporcionan a carne, os ovos e outros produtos de orixe animal sexan criados en condicións que eviten:*
 - *A sede e a fame, proporcionándolles acceso a auga potable e a unha dieta adecuada para manter a saúde e o vigor.*
 - *A incomodidade, proporcionándolles un ambiente apropiado que inclúa acubillo e unha zona de descanso cómoda e adecuada.*
 - *A dor, as lesións e as doenzas, aplicando medidas preventivas, un diagnóstico rápido e o tratamento axeitado.*
 - *Que non poidan expresar un comportamento completamente normal, proporcionándolles o espazo suficiente, instalacións adecuadas, e en compañía doutros animais da súa mesma especie.*
 - *O medo e a angustia, garantindo un manexo axeitado que evite calquera padecemento innecesario.*
 2. *Que o persoal das explotacións gandeiras posúa a formación adecuada para evitar calquera tipo de dor ou sufrimento inducido polo manexo na crianza, no transporte e no sacrificio.*
 3. *A implantación de estándares certificables de benestar animal no horizonte do ano 2021.*

Galiñas poñedoras no chan

Huevos Guillén (interprovedor de ovos de Mercadona) comezou en 2007 a adaptar as súas granxas á nova lexislación de benestar animal en galiñas de posta, anticipándose á súa entrada en vigor en 2012. Foi o primeiro produtor en España en cumprir coa devandita normativa.

Non obstante, a compañía é consciente e comparte a crecente sensibilidade da sociedade sobre os aspectos relativos ao benestar dos animais de curral.

Froito desta preocupación, compartida co interprovedor Huevos Guillén e co resto de provedores, a compañía foi pioneira en comercializar ovos de galiña campeira (criadas en liberdade) a comezos dos 90. Actualmente pódense encontrar en todos os supermercados da cadea.

Tras dous anos de traballo con Huevos Guillén, durante 2017 está previsto comezar a ofrecerlles aos nosos clientes ovos de galiñas criadas no chan, sen gaiola. Esta será outra opción máis, dentro da variedade de ovos, de cara a ampliar a oferta para os consumidores. Estamos traballando conxuntamente para a reconversión das granxas, co horizonte de 2025.

Reconversión de granxas de galiñas poñedoras en gaiola a sistemas alternativos en 2025



Galiñas poñedoras criadas en liberdade (campeiras) do interprovedor Huevos Guillén

Colaboracións

Mercadona participa en numerosos foros, asociacións e iniciativas, tanto nacionais como internacionais, para promover e intercambiar boas prácticas en materia de sostibilidade. Isto ponse de manifesto en relatorios sobre a relevancia ambiental dos seus procesos e dos dos seus interprovedores e en iniciativas relacionadas coa sostibilidade na distribución.

REAP

O Foro Europeo de Distribución para a Sostibilidade (REAP) é unha plataforma europea que se creou en 2009 coa colaboración da Comisión Europea e que ten como obxectivo pór de relevo as boas prácticas da distribución en materia medioambiental, así como facilitar a comunicación entre os diferentes grupos de interese da cadea de subministración. O código de conduta do REAP ten como obxectivos:

1. Fomentar a produción e o uso de produtos sostibles.
2. Reducir o impacto ambiental das tendas.
3. Optimizar o transporte de mercadorías.
4. Reducir o sobreenvasado e minimizar o residuo.
5. Mellorar o acceso aos establecementos.
6. Mellorar a comunicación cos clientes.

Mercadona é membro do REAP desde a súa fundación en 2009 e participa activamente nos seus compromisos e eventos.



http://ec.europa.eu/environment/industry/retail/index_en.htm



Participación de Adela Torres, Xerente de Medio Ambiente de Mercadona, na xornada da asociación catalá de empresas familiares Comertia sobre "Retail e Economía Circular", celebrada en novembro de 2016.



Participación de Margarita Muñoz, Directora de Medio Ambiente de Mercadona, en Recuwatt, congreso internacional de xestión de residuos, celebrado en Barcelona en outubro de 2016

Pacto Mundial

Mercadona é asinante e socio do Pacto Mundial pola defensa dos valores fundamentais en materia de Dereitos Humanos, Normas Laborais, Medio Ambiente e Loita contra a Corrupción. O traballo da compañía para seguir apoiando e reforzando os dez principios e valores que sosteñen o devandito pacto queda reflectido no informe de progreso que valida o cumprimento destes principios.



Red Pacto Mundial
España

Informe de progreso de Mercadona no
Pacto Mundial correspondente a 2016

AECOC

Conscientes de que o desaproveitamento de alimentos afecta toda a cadea de subministración, Mercadona uniuse á iniciativa de AECOC “A alimentación non ten desperdicio, aprovéitaa” que pon en contacto todos os actores da devandita cadea para crear sinerxías e previr o residuo alimentario a todos os niveis. Esta iniciativa súmase ás medidas propias que Mercadona leva a cabo desde hai anos en todos os seus procesos, e a outras iniciativas neste mesmo sentido con entidades como a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU).



6. DATOS RELEVANTES



	2015	2016	
Millóns de € investidos en protección do medio ambiente	25	27	
Milleiros de km percorridos por estrada	352.000	435.000	
Toneladas transportadas por tren	192.000	170.000	
Toneladas transportadas por barco	784.500	833.700	
Tendas con Descarga Nocturna Silenciosa	572	646	
Tendas ecoeficientes	819	869	
Aforro enerxético (millóns de kWh)	10	20	
Consumo enerxético total (electricidade + gas) en GJ	7.217.000	7.441.000	
Captación de auga da rede municipal	100%	100%	
Toneladas de cartón recuperadas	170.000	181.000	
Toneladas de plástico e polistireno recuperadas	13.300	13.400	
Toneladas de madeira recuperadas	1.679	1.691	
Toneladas de materiais recuperados	185.000	196.000	
Taxa de reciclaxe	Reciclaxe/Valorización	73%	74%
	Destrución	27%	26%
Toneladas de pilas recuperadas	150	164	
kg de CO ₂ equivalente por m ³ de mercadoría servido a tenda	Transporte de mercadorías	13,23	12,93
	Consumos enerxéticos	18,53	18,27
	Desprazamentos do persoal	0,84	0,88
	Refrixeración	15,18	15,21
Emisións de CO ₂ por m ³ de mercadoría (kg)	47,78	47,29	
Emisións totais de CO ₂ (miles de toneladas)	1.515	1.567	



Unha xestión medioambiental sostible é crucial para o bo curso de calquera compañía.

Somos conscientes de que nos queda moito por mellorar,
mais os resultados alcanzados dannos folgos para continuar traballando.





MERCADONA S.A.

R/ Valencia, 5 - 46016
Tavernes Blanques (Valencia)
Teléfono: (+34) 963 883 333
Fax: (+34) 963 883 302
Teléfono gratuito de Atención ao Cliente: 900 500 103

IRMÃDONA SUPERMERCADOS S.A.

R/ Pinheiro Manso, 471
4100-413 Porto (Portugal)
Teléfono: (+351) 221 201 000
Teléfono gratuito de Atención ao Cliente: 800 500 100